

# **PRINCIPAIS INDICADORES DA MEDIACIÓN DE SEGUROS EN GALICIA EXERCICIO 2022**

DIRECCIÓN XERAL DE POLÍTICA FINANCEIRA E TESOURO

## ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN</b>	<b>3</b>
<b>2. LEXISLACIÓN APLICABLE</b>	<b>3</b>
<b>3. REXISTRO DE MEDIADORES</b>	<b>3</b>
3.1. SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2022	3
3.2. EVOLUCIÓN DO REXISTRO AUTONÓMICO 2021-2022.	5
<b>4. INDICADORES DA ACTIVIDADE DOS MEDIADORES AUTONÓMICOS</b>	<b>6</b>
4.1. PRIMAS INTERMEDIADAS	6
4.1.1. Distribución en función da orixe da produción	6
4.1.2. Ramos de vida e non vida	6
4.1.3. Distribución por ramos de vida e non vida e figura de mediación	7
4.1.4. Distribución por cobertura do risco e figura de mediación.	7
4.1.5. Distribución por entidades aseguradoras	10
4.1.6. Rede de distribución	11
4.2. COMISIÓN E HONORARIOS	12
4.2.1. Total comisións por ramos de vida e non vida e figuras de mediación	12
4.2.2. Distribución e peso das comisións por cobertura do seguro.	12
4.2.3. Peso das comisións con respecto ás primas.	13
4.2.4. Honorarios	15
4.3. ESTRUTURAS EMPRESARIAIS	16
4.3.1. Medios persoais afectos á actividade de mediación.	16
4.3.2. Oficinas e sucursais	18
4.4. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO NEGOCIO	18
4.4.1. Rexistro de mediadores	18
4.4.2. Primas intermediadas	19
4.4.3. Comisións e honorarios	20
4.4.4. Medios persoais afectos	21
4.4.5. Oficinas e sucursais	22
CONCLUSIÓN XERAIS:	23

## 1. INTRODUCCIÓN

O obxecto do presente informe é analizar, segundo os datos facilitados nas declaracións estatístico-contables (DEC), os principais indicadores da distribución de seguros levada a cabo polos mediadores que desenvolveron a súa actividade na Comunidade Autónoma de Galicia durante o exercicio 2022.

## 2. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto-lei 3/2020, do 4 de febreiro, de medidas urxentes polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español diversas directivas da Unión Europea no ámbito da contratación pública en determinados sectores; de seguros privados; de plans e fondos de pensións; do ámbito tributario e de litixios fiscais.
- Orde do 25 de marzo de 2014, sobre os libros-rexistro e o deber de información dos mediadores de seguros e reaseguros privados da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 4 de maio de 2022 pola que se regula o Rexistro administrativo de distribuidores de seguros e reaseguros da Comunidade Autónoma de Galicia (de aquí en diante, rexistro autonómico).

## 3. REXISTRO DE MEDIADORES

### 3.1. SITUACIÓN A 31 DE DECEMBRO DE 2022

A 31 de decembro de 2022 figuraban inscritos no rexistro autonómico 111 mediadores: 90 corretores e 21 axentes de seguros vinculados. Segundo a forma xurídica, 44 son persoas físicas e 67 son persoas xurídicas.

**SITUACIÓN REXISTRO AUTONÓMICO A 31/12/2022**

MEDIADOR	PERSOA FÍSICA	PERSOA XURÍDICA	TOTAIS
Axentes vinculados	8	13	21
Corretores	36	54	90
<b>TOTAIS</b>	<b>44</b>	<b>67</b>	<b>111</b>

Atendendo á distribución por provincias, 67 exercen a actividade na Coruña, 13 en Lugo, 8 en Ourense e 23 en Pontevedra.

A Coruña segue a ser, con diferenza, a provincia que ten maior número de mediadores e a maior proporción de mediadores con respecto a súa poboación.

Os concellos onde se concentra o maior número de mediadores son Coruña e Santiago de Compostela, seguidos de Vigo e Lugo. Neste sentido, destaca o concello de Santiago como o que ten maior ratio poboación/mediador.

### DISTRIBUCIÓN TERRITORIAL DOS MEDIADORES

PROVINCIA	N <sup>a</sup> MEDIADORES	POBOACIÓN*	POB/MEDIADORES
A Coruña	67	1.119.180	16.704
Lugo	13	323.989	24.922
Ourense	8	304.280	38.035
Pontevedra	23	943.015	41.001
<b>TOTAIS</b>	<b>111</b>	<b>2.690.464</b>	<b>24.238</b>

(\*) Datos IGE 2022

### Distribución mediadores



### CONCELLOS CON MAIOR N<sup>o</sup> DE MEDIADORES (>=8)

CONCELLO	N <sup>o</sup> MEDIADORES	POBOACIÓN*	POB/MEDIADORES
Santiago de Compostela	13	98.179	7.552
Lugo	8	97.211	12.151
A Coruña	16	244.700	15.294
Vigo	9	292.374	32.486
<b>TOTAIS</b>	<b>46</b>	<b>732.464</b>	<b>15.923</b>

(\*) Datos IGE 2022


### 3.2. EVOLUCIÓN DO REXISTRO AUTONÓMICO 2021-2022.

No ano 2022 producíronse as seguintes modificacións no número de mediadores inscritos con respecto ao exercicio anterior:

- Novas inscricións no rexistro: 2 corretorías.
- Cancelacións por cese da actividade: 3 corretorías e 3 corretores. Unha corretora pasou a exercer de colaboradora externa dunha corretoría supervisada pola DGSFP, polo que segue exercendo a actividade de distribución por conta da corretoría da que depende.

Con respecto á figura de mediación seguen a predominar os corretores de seguros.

MEDIADORES REXISTRADOS	2021	Altas 2022	Baixas 2022	2022
Axentes Vinculados Persoa Física	8			8
Axentes Vinculados Persoa Xurídica	13			13
<b>TOTAL AXENTES VINCULADOS</b>	<b>21</b>			<b>21</b>
Corretores Persoa Física	39		-3	36
Corretores Persoa Xurídica	55	2	-3	54
<b>TOTAL CORRETORES</b>	<b>94</b>	<b>2</b>	<b>-3</b>	<b>90</b>
<b>TOTAIS</b>	<b>115</b>	<b>2</b>	<b>-6</b>	<b>111</b>



#### 4. INDICADORES DA ACTIVIDADE DOS MEDIADORES AUTONÓMICOS

Os mediadores inscritos no rexistro autonómico a 01/01/2022 eran 115. Durante o exercicio houbo 2 altas, das cales 1 non tivo a obriga de presentar a DEC, e 6 baixas, das cales 3 non tiveron a citada obriga, en todos os casos debido á falta de actividade, polo que os indicadores analizados se corresponden con 113 mediadores.

A continuación analízanse as primas intermediadas, as comisións e honorarios e as estruturas empresariais dos mediadores autonómicos.

##### 4.1. PRIMAS INTERMEDIADAS

##### 4.1.1. Distribución en función da orixe da produción

No ano 2022 o volume de primas intermediadas acadou os 51 millóns de euros, dos que 9,4 millóns son de nova produción, o 18,4 % do total. Con respecto ao 2021 prodúcese un lixeiro ascenso do 2,7% no mantemento de carteira e un 0,2% do total negocio. A nova produción descende un 9,6%.

##### EVOLUCIÓN DO NEGOCIO ASEGURADOR

PRIMAS INTERMEDIADAS	2021	2022	VARIACIÓN		PESO	
			Volume	%	2021	2022
PRODUCCIÓN DE CARTEIRA	40,5	41,6	1,1	2,7%	79,6%	81,6%
NOVA PRODUCCIÓN	10,4	9,4	-1,0	-9,6%	20,4%	18,4%
<b>TOTAL NEGOCIO</b>	<b>50,9</b>	<b>51</b>	<b>0,1</b>	<b>0,2%</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>

Datos en mill.€

(1) Operacións de seguro perfeccionadas en anos anteriores, netas de anulacións.

(2) Operacións de seguro perfeccionadas no exercicio, netas de anulacións.

(3) Conxunto das operacións de seguro, netas de anulacións.

##### 4.1.2. Ramos de vida e non vida

O negocio asegurador está especialmente enfocado no ramo de non vida, que concentra o 88,4% das primas intermediadas, fronte ao 11,6% do ramo de vida. Con respecto ao ano 2021, esta tendencia acentúase ao aumentar o peso relativo do ramo de non vida do 85,7% ao citado 88,4%.

##### EVOLUCIÓN DO NEGOCIO ASEGURADOR RAMOS

PRIMAS INTERMEDIADAS	2021	2022	VARIACIÓN		PESO	
			Volume	%	2021	2022
RAMO NON VIDA	43,6	45,1	1,5	3,4%	85,7%	88,4%
RAMO VIDA	7,3	5,9	-1,4	-19,2%	14,3%	11,6%
<b>TOTAL NEGOCIO</b>	<b>50,9</b>	<b>51</b>	<b>0,1</b>	<b>0,2%</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>

Datos en mill.€

**4.1.3. Distribución por ramos de vida e non vida e figura de mediación**

Do total negocio do ramo de non vida, os corredores intermedian o 85,1% fronte ao 14,9% dos axentes vinculados. No ramo de vida, os corredores intermedian o 79,7% do total negocio fronte ao 20,3% dos axentes vinculados. Polo tanto, os corretores intermedian nos dous ramos a maior porcentaxe de primas con respecto ao total (84,5%).


**DISTRIBUCIÓN DO NEGOCIO ASEGURADOR RAMOS E FIGURA DE MEDIACIÓN**

MEDIADORES	NON VIDA	VIDA	TOTAL	PESO RELATIVO		
				NON VIDA	VIDA	TOTAL
AXENTES VINCULADOS	6,7	1,2	7,9	14,9%	20,3%	15,5%
CORRETORES	38,4	4,7	43,1	85,1%	79,7%	84,5%
<b>TOTAL NEGOCIO</b>	<b>45,1</b>	<b>5,9</b>	<b>51,0</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>

*Datos en mill.€*

A carteira media intermediada dos corretores que tiveron a obriga de presentar a súa DEC (92) é de 0,5 millóns de euros. Os axentes vinculados intermediaron de media 0,4 millóns de euros.

**DISTRIBUCIÓN DO NEGOCIO ASEGURADOR**



**4.1.4. Distribución por cobertura do risco e figura de mediación.**

Autos encabeza os ramos de non vida en todas as figuras da mediación. Representa o 48,7% do total no caso dos axentes vinculados e o 45,7% no caso dos corretores. Segue en importancia o seguro de multiriscos do fogar e o ramo de vida individual, ao que corresponden practicamente a totalidade das primas intermediadas do ramo de vida.

**TOTAL NEGOCIO POR COBERTURA DO RISCO**

COBERTURA	AXENTES	CORRET.	TOTAL	PESO		
				AXENTES	CORRET.	TOTAL
Autos	3,8	19,7	23,6	48,7%	45,7%	46,2%
Multirisco Fogar	1,0	4,8	5,8	12,9%	11,2%	11,4%
Individual (VIDA)	1,1	4,5	5,6	14,1%	10,5%	11,0%
Multirisco Comunidades	0,5	3,9	4,4	6,9%	9,0%	8,7%
R.C en Xeral-Outros Riscos	0,2	1,9	2,1	2,8%	4,4%	4,1%
Multirisco Industriais	0,2	1,4	1,6	2,5%	3,2%	3,1%
Multirisco comercios	0,2	1,1	1,4	3,2%	2,7%	2,7%
Asistencia Sanitaria	0,1	1,2	1,2	0,9%	2,7%	2,4%
Accidentes	0,1	0,6	0,8	1,7%	1,5%	1,5%
Outr. Danos a bens_seguros agrarios comb.	0,0	0,8	0,8	0,0%	1,8%	1,5%
Enfermidade	0,1	0,6	0,6	0,8%	1,3%	1,2%
Decesos	0,2	0,4	0,5	2,2%	0,8%	1,0%
Transportes	0,0	0,4	0,4	0,4%	0,9%	0,9%
Outros multiriscos	0,1	0,3	0,4	1,2%	0,8%	0,8%
Outr. Danos a bens_avaría de maquinaria	0,0	0,4	0,4	0,0%	0,9%	0,8%
Defensa xurídica	0,0	0,3	0,3	0,3%	0,7%	0,7%
Colectivo (VIDA)	0,0	0,2	0,3	0,5%	0,5%	0,5%
Caución		0,2	0,2	0,0%	0,4%	0,4%
Pérdidas diversas	0,0	0,1	0,2	0,3%	0,3%	0,3%
Outr. Danos a bens-roubo ou outros	0,0	0,1	0,2	0,1%	0,3%	0,3%
Asistencia	0,0	0,1	0,1	0,3%	0,2%	0,2%
R.C. en xeral- riscos nucleares	0,0	0,0	0,0	0,0%	0,1%	0,1%
Crédito		0,0	0,0	0,0%	0,1%	0,1%
Incendios e elementos naturais	0,0	0,0	0,0	0,0%	0,0%	0,0%
<b>TOTAIS</b>	<b>7,9</b>	<b>43,1</b>	<b>51,0</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>

*Datos en mill. €*

Con respecto ao exercicio 2021 produciuse un incremento total do 0,2% das primas intermediadas nos diferentes ramos.

Dos ramos que teñen máis presenza, autos, que representa case o 50% do negocio, experimenta unha subida do 0,7% das primas intermediadas con respecto ao 2021. En xeral a maioría das coberturas experimentaron subidas. Pola contra, individual (VIDA), cun volume de negocio significativo con respecto ao 2021 logo do ramo de autos, descende un 22,2%.




**COMPARATIVA 2021-2022**

COBERTURA	2021	2022	VARIACIÓN	
			VOLUME	%
Colectivo (VIDA)	0,1	0,3	0,2	236,5%
Outr. Danos a bens_avería de maquinaria	0,2	0,4	0,2	153,3%
Asistencia Sanitaria	0,8	1,2	0,4	56,3%
Asistencia	0,1	0,1	0,0	28,5%
Defensa xurídica	0,3	0,3	0,1	22,1%
R.C. en xeral- riscos nucleares	0,0	0,0	0,0	20,9%
Multirisco Industriais	1,3	1,6	0,3	19,7%
Crédito	0,0	0,0	0,0	19,4%
Outros multiriscos	0,4	0,4	0,1	17,4%
Outr. Danos a bens-roubo ou outros	0,1	0,2	0,0	12,4%
R.C en Xeral-Outros Riscos	1,9	2,1	0,2	9,8%
Enfermidade	0,6	0,6	0,1	8,9%
Accidentes	0,7	0,8	0,1	7,4%
Multirisco Fogar	5,6	5,8	0,2	4,1%
Decesos	0,5	0,5	0,0	3,8%
Pérdidas diversas	0,2	0,2	0,0	3,7%
Autos	23,4	23,6	0,2	0,7%
Caución	0,2	0,2	0,0	0,1%
Multirisco comercios	1,4	1,4	0,0	-0,9%
Multirisco Comunidades	4,5	4,4	-0,1	-2,1%
Outr. Danos_ bens_segu. agrarios comb.	0,8	0,8	0,0	-2,9%
Individual (VIDA)	7,2	5,6	-1,6	-22,2%
Transportes	0,6	0,4	-0,2	-28,1%
Incendios e elementos naturais	0,0	0,0	0,0	-74,5%
<b>TOTAIS</b>	<b>50,9</b>	<b>51,0</b>	<b>0,1</b>	<b>0,2%</b>

Datos en mill. €

### % VARIACIÓN POR RAMOS DO SEGURO 2021-2022



#### 4.1.5. Distribución por entidades aseguradoras


Os mediadores distribúen seguros de 81 entidades aseguradoras (ANEXO I) co volume de negocio e figura de mediación que se reflicte na seguinte táboa:

#### MEDIACIÓN POR ASEGURADORA

ASEGURADORAS	AXENTES VINCULADOS	CORRETORES	TOTAL	%
Entidade Aseguradora 1	2,1	10,1	12,2	23,9%
Entidade Aseguradora 2	1,1	6,6	7,7	15,1%
Entidade Aseguradora 3	0,4	4,8	5,1	10,1%
Entidade Aseguradora 4	0,3	4,8	5,0	9,8%
Entidade Aseguradora 5	0,2	3,5	3,7	7,3%
<b>Total 5 aseguradoras</b>	<b>4,0</b>	<b>29,8</b>	<b>33,8</b>	<b>66,3%</b>
Outras aseguradoras (76)	3,8	13,3	17,2	33,7%
<b>TOTAIS</b>	<b>7,9</b>	<b>43,1</b>	<b>51,0</b>	<b>100%</b>

Datos en mill. €

**MEDIACIÓN POR ASEGURADORA**



Hai 5 compañías aseguradoras coas que se intermedia o 66,3% do total. O 33,7% restante está distribuído entre o resto de compañías, cuxo número ascende a 76. A compañía coa que máis primas se intermedia acada 12,2 millóns de €, o que representa o 23,9% do total.

Con respecto ao número de mediadores por tramos de entidades aseguradoras para as que intermedian, os datos son os seguintes:

ASEGURADORAS POR TRAMOS	AXENTES VINCULADOS		CORRETORES	
	Nº	%	Nº	%
3 aseguradoras ou menos	3	14,3%	3	3,3%
Entre 4 e 6 aseguradoras	8	38,1%	23	25,0%
Entre 7 e 15 aseguradoras	10	47,6%	52	56,5%
Máis de 15 aseguradoras	0	0,0%	14	15,2%
<b>TOTAIS</b>	<b>21</b>	<b>100,0%</b>	<b>92</b>	<b>100,0%</b>

Destaca o tramo de entre 7 e 15 entidades aseguradoras, xa que representa un 47,6% dos axentes vinculados e un 56,5% dos corretores.

**4.1.6. Rede de distribución**

A distribución de produtos de seguros realízase a través da rede propia, de colaboradores externos e doutros corretores. Os datos por rede de distribución son os seguintes:

REDE DE DISTRIBUCIÓN	AXENTES VINCULADOS	CORRETORES	TOTAL	%
REDE PROPIA	7,8	40,3	48,1	94,3%
COLABORAD. EXT. NON ASESORES	0,0	1,7	1,7	3,3%
COLABORAD. EXT. ASESORES	0,1	1,1	1,2	2,4%
OUTROS CORRETORES	0,0	0,0	0,0	0,0%
<b>TOTAIS</b>	<b>7,9</b>	<b>43,1</b>	<b>51,0</b>	<b>100,0%</b>

*Datos en mill. €*

O 94,3% do total das primas distribúense a través da rede propia dos mediadores.

O importe mediado coa participación de colaboradores externos acada o 5,7%, correspondendo o 3,3% aos non asesores, e o 2,4% aos asesores.

Os importes mediados a través de outros corretores son pouco significativos.

## **4.2. COMISIÓNS E HONORARIOS**

### **4.2.1. Total comisións por ramos de vida e non vida e figuras de mediación**

As comisións ascenden a 7,4 millóns de euros e corresponden sobre todo ao ramo de non vida. O total no ramo de non vida ascende a 7,1 millóns de euros fronte aos 0,3 millóns de euros do ramo de vida.

COMISIÓNS	AXENTES VINCULADOS	CORRETORES	TOTAL
NON VIDA CARTEIRA	1,0	6,0	7,1
VIDA CARTEIRA	0,1	0,3	0,3
<b>TOTAL CARTEIRA</b>	<b>1,1</b>	<b>6,3</b>	<b>7,4</b>

*Datos en mill. €*

### **4.2.2. Distribución e peso das comisións por cobertura do seguro.**

O seguro de autos é o que proporciona un maior importe de comisións, tanto na figura de corretores como na de axentes vinculados, seguido polo ramo de multiriscos fogar.

**COMISIÓNS POR COBERTURA DO RISCO**

COBERTURA	AXENTES	CORRET	TOTAL	PESO		
				AXENTES	CORRET	TOTAL
Autos	0,4	2,4	2,9	40,6%	38,6%	38,9%
Multirisco Fogar	0,2	1,2	1,4	21,9%	18,5%	19,0%
Multirisco Comunidades	0,1	0,8	0,9	10,1%	12,1%	11,8%
R.C en Xeral-Outros Riscos	0,0	0,3	0,4	3,2%	5,3%	5,0%
Individual (Vida)	0,1	0,3	0,3	6,2%	4,2%	4,5%
Multirisco Industriais	0,0	0,3	0,3	3,4%	4,2%	4,1%
Multirisco comercios	0,0	0,2	0,3	4,4%	3,9%	4,0%
Accidentes	0,0	0,1	0,1	2,3%	1,9%	2,0%
Asistencia Sanitaria	0,0	0,1	0,1	0,5%	2,0%	1,8%
Decesos	0,0	0,1	0,1	3,3%	1,2%	1,5%
Enfermidade	0,0	0,1	0,1	0,9%	1,4%	1,3%
Transportes	0,0	0,1	0,1	0,5%	1,2%	1,1%
Defensa xurídica	0,0	0,1	0,1	0,4%	1,0%	0,9%
Outros multiriscos	0,0	0,1	0,1	0,8%	0,8%	0,8%
Outr. Danos a bens_avería de maquinaria	0,0	0,1	0,1	0,0%	1,0%	0,8%
Out. Danos_bens-segu. agrarios comb.	0,0	0,1	0,1	0,0%	0,9%	0,8%
Pérdidas diversas	0,0	0,0	0,0	0,4%	0,4%	0,4%
Outr. Danos a bens-roubo ou outros	0,0	0,0	0,0	0,1%	0,5%	0,4%
Caución		0,0	0,0	0,0%	0,3%	0,3%
Asistencia	0,0	0,0	0,0	0,3%	0,2%	0,2%
Colectivo (Vida)	0,0	0,0	0,0	0,7%	0,1%	0,2%
R.C. en xeral- riscos nucleares	0,0	0,0	0,0	0,0%	0,1%	0,1%
Crédito		0,0	0,0	0,0%	0,0%	0,0%
Incendios e elementos naturais	0,0	0,0	0,0	0,0%	0,0%	0,0%
<b>TOTAIS</b>	<b>1,1</b>	<b>6,3</b>	<b>7,4</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>	<b>100,0%</b>

*Datos en mill. €*

**4.2.3. Peso das comisións con respecto ás primas.**


As comisións representan un 14,5% das primas intermediadas polos mediadores autonómicos. A maior porcentaxe de comisións correspóndelle ao ramo de multirrisco fogar, seguido polo ramo de decesos, defensa xurídica e multirriscos comercios.

Os ramos de vida, tanto individual como colectivo representan a menor porcentaxe de comisións, cun 6% e 5,7% respectivamente.

COBERTURA	COMISIÓNS TOTALS	PRIMAS TOTALS	%
multirisco Fogar	1,4	5,8	24,1%
Decesos	0,1	0,5	21,4%
Defensa xurídica	0,1	0,3	21,0%
Multirisco comercios	0,3	1,4	21,0%
Outr. Danos a bens-roubo ou outros	0,0	0,2	20,4%
Pérdidas diversas	0,0	0,2	20,0%
multirisco Comunidades	0,9	4,4	19,8%
Incendios e elementos naturais	0,0	0,0	19,3%
multirisco Industriais	0,3	1,6	19,1%
Accidentes	0,1	0,8	18,9%
Transportes	0,1	0,4	18,6%
R.C en Xeral-Outros Riscos	0,4	2,1	17,6%
Asistencia	0,0	0,1	17,3%
Enfermidade	0,1	0,6	15,3%
Outr. Dan_bens_avería_maquinaria	0,1	0,4	15,2%
R.C. en xeral- riscos nucleares	0,0	0,0	14,9%
Outros multiriscos	0,1	0,4	14,6%
Autos	2,9	23,6	12,2%
Caución	0,0	0,2	11,6%
Asistencia Sanitaria	0,1	1,2	10,4%
Crédito	0,0	0,0	9,5%
Outr. Danos_bens_segur_agrarios comb.	0,1	0,8	7,4%
Individual (Vida)	0,3	5,6	6,0%
Colectivo (Vida)	0,0	0,3	5,7%
<b>TOTALS</b>	<b>7,4</b>	<b>51,0</b>	<b>14,5%</b>

Datos en mill. €

**% COMISIÓNS/PRIMAS**




**4.2.4. Honorarios**

Os honorarios acadan 99.888,63 €, correspondendo ao ramo de non vida 98.912,2 € e 976,4 € ao ramo de vida. Nos ramos de non vida xéranse sobre todo nos seguros de autos, multiriscos fogar e decesos.

COBERTURA	Honorarios
Autos	63.145,0 €
multirisco Fogar	17.351,4 €
Decesos	12.896,3 €
Multirisco comercios	1.962,4 €
R.C en Xeral-Outros Riscos	1.161,7 €
Individual (Vida)	976,4 €
Transportes	723,3 €
Outros multiriscos	615,8 €
multirisco Comunidades	472,5 €
Pérdidas diversas	403,0 €
Accidentes	88,3 €
Asistencia	40,0 €
Asistencia Sanitaria	30,0 €
Enfermidade	22,5 €
<b>TOTAIS</b>	<b>99.888,6 €</b>

## HONORARIOS



En canto á forma de remuneración dos mediadores autonómicos, 1 corretoría percibe exclusivamente honorarios profesionais, 3 corretorías perciben comisións e honorarios e o resto só perciben comisións.

### 4.3. ESTRUTURAS EMPRESARIAIS

#### 4.3.1. Medios persoais afectos á actividade de mediación.


O persoal afecto á actividade de mediación no exercicio 2022 acada o número de 232 persoas, das cales 60 corresponden a persoas empregadas.

O dato máis significativo con respecto ao persoal é que se rescindiron contratos de empregados sen asesoramento e tamén contratos de colaboradores externos que informan. Estas baixas nos colaboradores producíronse na maior parte como consecuencia dos requirimentos de formación para acadar un maior nivel de profesionalidade e garantir a calidade do servizo, non previstos na lexislación anterior.

DATOS PERSOAL	PERSOAL DATOS 2021			PERSOAL DATOS 2022			VARIACIÓN	
	AX. V.	CORR.	TOTAL	AX. V.	CORR.	TOTAL	Volume	%
Órganos de dirección	24	102	126	22	100	122	-4	-3,2%
Empreg. asesores	4	44	48	4	45	49	1	2,1%
Empreg. non asesores	2	20	22	2	9	11	-11	-50,0%
Colab. ext. asesores	1	6	7	1	8	9	2	28,6%
Colab. ext. non asesores	0	67	67	0	19	19	-48	-71,6%
Outro persoal	3	13	16	3	19	22	6	37,5%
<b>TOTAIS</b>	<b>34</b>	<b>252</b>	<b>286</b>	<b>32</b>	<b>200</b>	<b>232</b>	<b>-54</b>	<b>-18,9%</b>




**PERSOAL 2021-2022**



Un 63% dos corretores e un 76 % dos axentes non teñen persoas empregadas, o 35% dos corretores e o 24 % dos axentes teñen contratadas entre 1 e 4 persoas e soamente o 2,2% de corretores teñen contratado entre 5 e 9 empregados.

EMPREGADOS POR FIGURA DE MEDIACIÓN	CORRETORES		AXENTES VINCULADOS		TOTALS	
	Nº	%	Nº	%	Nº	%
SEN EMPREGADOS	58	63%	16	76%	74	65%
DE 1 A 4 EMPREGADOS	32	35%	5	24%	37	33%
DE 5 A 9 EMPREGADOS	2	2,2%	0	0,0%	2	1,8%
<b>TOTALS</b>	<b>92</b>	<b>100%</b>	<b>21</b>	<b>100%</b>	<b>113</b>	<b>100%</b>

**EMPREGADOS POR FIGURA**



As horas de formación continua acadaron as 11.131, das que 1.786 horas pertencen aos axentes vinculados e 9.345 aos corretores.

FORMACIÓN CONTINUA	HORAS	Nº PERSOAS	HORAS/PERS.
AXENTES VINCULADOS	1.786	32	55,8
CORRETORES	9.345	200	46,7
<b>TOTAL HORAS</b>	<b>11.131</b>	<b>232</b>	<b>48,0</b>

#### **4.3.2. Oficinas e sucursais**

Na maior parte dos casos a actividade de mediación desenvólvese nunha soa oficina, sobre todo nos axentes vinculados.

No caso dos corretores, soamente 6 dun total de 92 teñen algunha sucursal.

MEDIADOR	OFICINAS	SUCURSAIS	TOTAL
TOTAL AXENTES	21	0	21
TOTAL CORRETORES	92	6	98
<b>TOTAIS</b>	<b>113</b>	<b>6</b>	<b>119</b>

#### *4.4. EVOLUCIÓN HISTÓRICA DO NEGOCIO*


Se se analizan os resultados dos mediadores inscritos, primas intermediadas, comisións, honorarios, medios persoais e oficinas dos últimos 5 exercicios, conclúese o seguinte:

##### **4.4.1. Rexistro de mediadores**

O número de corretores descende ao longo do período analizado, e os axentes vinculados, malia un pequeno descenso, tenden a manter o seu número ao longo do tempo.

MEDIADORES REXISTRADOS	2018	2019	2020	2021	2022
Axentes Vinculados Persoa Física	10	10	10	8	8
Axentes Vinculados Persoa Xurídica	14	13	13	13	13
<b>Total Axentes Vinculados</b>	<b>24</b>	<b>23</b>	<b>23</b>	<b>21</b>	<b>21</b>
Corretores Persoa Física	38	38	39	39	36
Corretores Persoa Xurídica	62	59	57	55	55
<b>Total Corretores</b>	<b>100</b>	<b>97</b>	<b>96</b>	<b>94</b>	<b>90</b>
<b>TOTAL MEDIADORES</b>	<b>124</b>	<b>120</b>	<b>119</b>	<b>115</b>	<b>111</b>

EVOLUCIÓN Nº MEDIADORES




**4.4.2. Primas intermediadas**

O volume de primas intermediadas tamén ten unha tendencia á baixa, salvo no último exercicio, no que aumenta un 0,2% con respecto ao ano anterior. O ramo de non vida é o que provoca o aumento, xa que o de vida mostra a tendencia a descender ao longo dos anos.

PRIMAS POR FIGURA	2018	2019	2020	2021	2022
Axentes Vinculados	11,5	9,9	9,2	8,3	7,9
Corretores	67,1	51,0	48,3	42,6	43,1
<b>TOTAIS</b>	<b>78,7</b>	<b>60,9</b>	<b>57,5</b>	<b>50,9</b>	<b>51,0</b>


*Datos en mill. €*



PRIMAS POR RAMOS	2018	2019	2020	2021	2022
Non vida	60,4	47,5	47,6	43,6	45,1
Vida	18,3	13,4	9,9	7,3	5,9
<b>TOTAIS</b>	<b>78,7</b>	<b>60,9</b>	<b>57,5</b>	<b>50,9</b>	<b>51,0</b>

Datos en mill. €

### EVOLUCIÓN PRIMAS POR RAMOS




### 4.4.3. Comisións e honorarios

As comisións experimentan unha oscilación nos diversos exercicios, ascendendo no último ano un 3,2% con respecto ao 2021.

COMISIÓNS POR FIGURA	2018	2019	2020	2021	2022
Axentes Vinculados	1,2	1,1	1,1	1,1	1,1
Corretores	8,1	6,5	6,6	6,1	6,3
<b>TOTAIS</b>	<b>9,3</b>	<b>7,6</b>	<b>7,7</b>	<b>7,2</b>	<b>7,4</b>


### EVOLUCIÓN COMISIÓNS POR FIGURA MEDIACIÓN



Os honorarios dos corretores que cobran mediante este sistema tamén experimentan unha oscilación nos diversos exercicios, se ben se aprecia un ascenso no último exercicio con respecto ao exercicio 2021.

HONORARIOS POR RAMOS	2018	2019	2020	2021	2022
Non Vida	298.835,8	101.596,3	106.468,6	89.711,6	98.912,2
Vida	633,6	628,3	848,4	836,1	976,4
<b>TOTAIS</b>	<b>299.469,4</b>	<b>102.224,6</b>	<b>107.317,0</b>	<b>90.547,7</b>	<b>99.888,6</b>

HONORARIOS




#### **4.4.4. Medios persoais afectos**

Os medios persoais afectos á actividade de mediación diminúen ao longo dos últimos 5 anos debido á diminución do número de mediadores e sobre todo nos últimos dous exercicios debido ao descenso das persoas empregadas e colaboradoras externas que non se adaptaron á normativa de formación vixente.

DATOS PERSOAL	2018	2019	2020	2021	2022
ÓRGANOS DE DIRECCIÓN	140	131	130	126	122
EMPREGADOS	109	93	91	77	60
COLABOR. EXTERNOS	161	114	112	75	28
OUTRO PERSOAL	20	18	20	11	22
<b>TOTAIS</b>	<b>430</b>	<b>356</b>	<b>353</b>	<b>289</b>	<b>232</b>

### MEDIOS PERSOAIS



#### 4.4.5. Oficinas e sucursais

En consonancia co número de mediadores, as oficinas descenden ao longo dos anos. No caso das sucursais, tenden a manterse.

OFICINAS_SUCURSAIS POR FIGURA		2018	2019	2020	2021	2022
Oficinas	Axentes	27	23	23	23	21
	Corretores	104	99	98	95	92
Sucursais	Axentes	0	0	0	0	0
	Corretores	8	5	6	6	6
<b>TOTAIS</b>		<b>139</b>	<b>127</b>	<b>127</b>	<b>124</b>	<b>119</b>

## CONCLUSIÓNS XERAIS:

- ❖ O número de mediadores inscritos no rexistro autonómico mantense estable con pequenas diferencias respecto aos anos anteriores. Predominan os corretores de seguros sobre os axentes vinculados.
- ❖ A distribución xeográfica por provincias é a seguinte: 67 exercen a actividade na Coruña, 13 en Lugo, 8 en Ourense e 23 en Pontevedra. A Coruña é a provincia que ten a maior proporción de mediadores con respecto a súa poboación.
- ❖ O volume de primas intermediadas acadou 51 millóns de euros, aumentando lixeiramente con respecto ao exercicio anterior, o que supón un incremento do 0,2%. Rómponse así a tendencia ao descenso ao longo dos últimos 5 anos.  
O ramo de non vida, ao igual que vén ocorrendo nos últimos exercicios, segue acaparando o negocio dos mediadores de seguros. Supón o 88,4% do total das primas intermediadas e é o causante do incremento citado, destacando o ramo de "autos" con moita diferenza, ao supoñer máis 46,2% do volume de negocio.  
O ramo de vida supón o 11,6% do negocio, case na súa totalidade en seguros individuais.
- ❖ O 94,3% da distribución dos seguros realízase a través de rede propia. A través dos colaboradores externos distribuíuse o 5,7% do negocio.
- ❖ Os mediadores están retribuídos fundamentalmente a través de comisións, que no ano 2022 acadaron o importe de 7,4 millóns de euros, o que representa un 14,5% sobre o volume total de primas intermediadas.  
As comisións, logo de descender no 2019, mantéñense nos últimos 4 exercicios, aumentando no 2022 un 3,2% con respecto ao 2021.  
Os honorarios supoñen un importe pouco significativo dos ingresos, acadando no 2022 o importe de 99.888 € distribuídos entre 4 corretores.
- ❖ Os medios persoais afectos á actividade de mediación no exercicio 2022 acada o número de 232 persoas. Con respecto ao exercicio 2021 descende en 54 persoas, sobre todo no número de colaboradores externos, debido, entre outros motivos, ás labores de supervisión sobre as obrigas de formación inicial e continua da normativa actual.
- ❖ Os mediadores autonómicos empregaron 11.131 horas na súa formación continua e do seu persoal relevante. A media por persoa acada as 48 horas de formación continua.

**ANEXO I: ENTIDADES ASEGURADORAS COAS QUE OS MEDIADORES DE GALICIA DISTRIBUÍRON SEGUROS NO EJERCICIO 2022**

ADMIRAL EUROPE, COMPAÑÍA DE SEGUROS, S.A.	LIBERTY SEGUROS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
AEGON ESPAÑA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	LLOYD'S ASSOCIATION OF UNDERWRITERS
AIG EUROPE S.A. SUCURSAL ESPAÑA	LLOYD'S INSURANCE COMPANY SA/NV
ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	LLOYD'S SUCURSAL EN ESPAÑA (PRESENCIA PERMANENTE DE LLOYD'S ASSOCIATION OF UNDERWRITERS)
ALMUDENA COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	MAPFRE ESPAÑA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
ARAG SE SUC.ESPAÑA	MAPFRE VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS SOBRE LA VIDA HUMANA
ASEFA S.A., SEGUROS Y REASEGUROS	MARKEL INSURANCE SE SUCURSAL EN ESPAÑA
ASEGURADORES AGRUPADOS, SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS	MARKEL INTERNATIONAL INSURANCE COMPANY
ASISA VIDA SEGUROS, S.A.U.	MERIDIANO, S.A., COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SEGUROS
ASISA, ASISTENCIA SANITARIA INTERPROVINCIAL DE SEGUROS, S.A., SOCIEDAD UNIPERSONAL	METROPOLIS, S.A., COMPAÑÍA NACIONAL DE SEGUROS Y REASEGUROS.
AURA, SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS.	MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.
AWP HEALTH & LIFE	MILLENNIUM INSURANCE COMPANY LIMITED (GIBRALTAR)
AWP P&C SUCURSAL EN ESPAÑA	MURIMAR VIDA SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
AXA AURORA VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	MUSAAT, MUTUA DE SEGUROS A PRIMA FIJA
AXA SEGUROS GENERALES, S. A. DE SEGUROS Y REASEGUROS	MUSSAP- MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA
BALCIA INSURANCE SE	MUTUA DE PROPIETARIOS, SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA
BILBAO, COMPAÑÍA ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS.	MUTUA DE RIESGO MARITIMO, SOCIEDAD DE SEGUROS A PRIMA FIJA (MURIMAR)
CA LIFE INSURANCE EXPERTS COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.U.	MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS DE LA PANADERIA DE VALENCIA
CAJA DE SEGUROS REUNIDOS, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A. (CASER)	MUTUA MADRILEÑA AUTOMOVILISTA, SOCIEDAD DE SEGUROS A PRIMA FIJA
COMPAGNIE FRANCAISE D'ASSURANCE POUR LE COMMERCE EXTERIEUR(SUC.REINO UNIDO)COFACE	MUTUAL DE CONDUCTORS, MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA
COMPAÑÍA ESPAÑOLA DE SEGUROS DE CREDITO A LA EXPORTACION, S.A., COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD MERCANTIL ESTATAL (CESCE)	NORTEHISPANA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
D.A.S. DEFENSA DEL AUTOMOVILISTA Y DE SINIESTROS-INTERNACIONAL, SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	OCASO, S.A., COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS.
DIVINA PASTORA SEGUROS, MUTUA DE SEGUROS	PATRIA HISPANA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
DIVINA PASTORA, SEGUROS GENERALES, S.A.	PELAYO VIDA SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
DKV SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD ANONIMA ESPAÑOLA	PELAYO, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA
ERGO VIDA SEGUROS Y REASEGUROS, SOCIEDAD ANONIMA	PLUS ULTRA SEGUROS GENERALES Y VIDA, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS
EUROINS INSURANCE JSC	PREVISORA GENERAL, MUTUALIDAD DE PREVISIÓN SOCIAL A PRIMA FIJA
FAMILIAR DE SEGUROS ACTIVE, SOCIEDAD ANONIMA	REALE SEGUROS GENERALES, S.A.
FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS	REALE VIDA Y PENSIONES, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS
FIDELIDADE COMPANHIA DE SEGUROS S.A SUC.ESPAÑA	SANITAS, SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS.
GACM SEGUROS GENERALES, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	SANTA LUCÍA VIDA Y PENSIONES, S.A., COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS
GENERALI ESPAÑA, SOCIEDAD ANÓNIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	SANTA LUCIA, S.A. COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS
GES, SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.	SEGURCAIXA ADESLAS, SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS
HELVETIA COMPAÑÍA SUIZA, SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS	SEGUROS CATALANA OCCIDENTE, SOCIEDAD ANONIMA DE SEGUROS Y REASEGUROS
HERCULES SALUD SEGUROS, S.A.	SOCIEDAD DE SEGUROS MUTUOS MARITIMOS DE VIGO, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS
HISCOX S.A. SUC. ESPAÑA	SOLUNION SEGUROS, COMPAÑÍA INTERNACIONAL DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
IGUALATORIO MEDICO QUIRURGICO Y DE ESPECIALIDADES DE ASTURIAS, S.A. DE SEGUROS	SVRNE, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS A PRIMA FIJA
INTERLLOYD VERSICHERUNGS-AG SUCURSAL EN ESPAÑA	UNION DE AUTOMOVILES CLUBS, S.A. DE SEGUROS Y REASEGUROS (UNACSA)
LA FE PREVISORA COMPAÑÍA DE SEGUROS, S.A.	ZURICH INSURANCE PLC SUC.ESPAÑA
LA PREVISION MALLORQUINA DE SEGUROS, S.A.	ZURICH VIDA, COMPAÑÍA DE SEGUROS Y REASEGUROS, S.A.
L'EQUITE	